

PROXECTO DE BIBLIOTECA ESCOLAR CURSO 2006/07

APRENDER, INVESTIGAR, DISFRUTAR: NAVEGAR NA BIBLIOTECA

Xustificación e análise da situación de partida

O noso proxecto ven determinado pola necesidade de responder ás novas esixencias que se prantexan no sistema educativo e ós avances na sociedade da información. Contemplamos a biblioteca como un centro de recursos materiais e intelectuais, unha infraestrutura necesaria para a innovación e o desenvolvemento curricular e como un centro de extensión cultural. Debe converterse nun recurso de cambio para a innovación e a mellora da intervención nos procesos de ensino-aprendizaxe, integrándoa na práctica educativa cotiá, convertíndoa nun auténtico centro de recursos, documentación e información que apoie o labor docente e a autoaprendizaxe dos alumnos, que desenvolva programas globais de promoción lectora, de formación en técnicas documentais e investigación, de educación en habilidades da información e que contemple o apoio ós alumnos con dificultades de calquera tipo.

O noso centro é un centro que oferta ensinanzas de ESO, Bacharelato, Ciclos Formativos e Ensinanza de adultos. Ten ademáis unha oferta para Ciclos en réximen nocturno. A variedade de ofertas educativas fai que a organización e a xestión da biblioteca escolar sexa máis complexa e necesite polo tanto de máis recursos e máis tempo para poder respostar axeitadamente ás necesidades de todo o alumnado. O noso modelo de biblioteca era, sin embargo, un modelo antigo, cun acceso restrinxido ós materiais e á documentación, unha catalogación baseada nas asignaturas tradicionais, uns fondos documentais obsoletos en moitas materias e con pouca relación en xeneral coa práctica docente. A formación de usuarios era inexistente e as iniciativas para o fomento da lectura, ailladas e sen un proxecto que implicara ó conxunto da comunidade escolar. Era un espacio reducido, sen espazos axeitados e unha utilización bastante limitada. Nos últimos anos, os recursos adicados á biblioteca (humanos e materiais) non eran suficientes para atender todas as necesidades. A implantación de aulas específicas nos Ciclos Formativos provocou tamén que boa parte dos fondos documentais que tiñan relación con eles foran disgregados da biblioteca (debido tamén, certamente, á falla de espazo) provocando unha dinámica de funcionamento en compartimentos estancos.

En canto á utilización de novas tecnoloxías, este curso foron instalados na biblioteca oito terminales (reciclados) que dependen do servidor remoto. Desgraciadamente, ata agora non dispoñemos dun lugar axeitado e a súa utilización non foi deseñada cun programa de obxectivos concretos por Departamentos ou pola propia biblioteca.

Fondos documentais

A renovación e actualización de fondos é, nestos momentos, desigual e incompleta. Hai materias nas que se produciu nos últimos anos a compra ou recepción de material por parte de diversas institucións, aínda que non sempre o máis axeitado. En xeral, temos poucos fondos de tipo audiovisual en formato CD ou DVD en practicamente todas as materias e pouco material actualizado nalgúns materias científicas. O noso fondo documental peca nalgúns casos de falla de atractivo editorial e dunha excesiva especialización. Noutros casos os fondos son dun nivel que non se axeita, claramente, ós nosos alumnos. En relación ós fondos literarios, cómpre dicir que son desiguais: aínda que dispoñemos de libros de literatura infantil e xuvenil, debería producirse unha certa renovación, con material máis moderno e edicións máis atractivas. A nosa idea é a de ofrecer a literatura infantil e xuvenil ordeada por temas ou xéneros, polo que deberemos completar e actualizar coleccións.

Obxectivos

Os nosos obxectivos máximos poden resumirse nunha idea fundamental: converter a nosa biblioteca nun auténtico centro de documentación e información, de lectura e alfabetización informacional e que esté interrelacionada coa práctica docente. Pero podemos establecer os seguintes obxectivos máis detallados:

- Apoiar o proceso de ensino-aprendizaxe proporcionando toda a información e documentación necesaria.
- Facilitar a aprendizaxe autónoma educando no acceso á información.
- Difundir entre a comunidade escolar os distintos soportes documentais.
- Integrar as tecnoloxías da comunicación e da información na búsqueda da mesma e na selección de lecturas.
- Fomentar o hábito da lectura.
- Tratar a lectura comprensiva nas diferentes áreas.
- Facilitar o acceso igualitario aos recursos culturais.
- Educar nunha vivencia saudable do tempo libre.
- Apoiar á alumnado con necesidades educativas especiais.

Organización e funcionamento

A biblioteca debe estar presente nos documentos do centro: PEC, Plan Anual, etc. Será o Xefe de Estudos o encargado de garantir, na medida do posible, que a biblioteca conte cos recursos humanos suficientes para o seu funcionamento, quen convoque as reunións da futura comisión e garanta o seguimento do plan anual.

O responsable de biblioteca debe coordinar o equipo de apoio, debe elaborar o plan anual da biblioteca, establecer estratexias de formación de usuarios e fomento da lectura, xestionar, clasificar e catalogar os fondos.

O equipo de apoio recopilará informacións, materiais e recursos para facilitar a profesores e alumnos, axudará nas actividades que se leven a cabo na biblioteca, recollerá propostas de alumnos e profesores e participará na actualización e xestión dinámica da biblioteca.

A comisión de biblioteca no Consello Escolar tratará de xestionar e garantir a apertura da biblioteca en horario extraescolar, propondrá mecanismos de colaboración e coordinación coa Biblioteca Pública máis cercana, promoverá actividades de dinamización en contacto con distintos sectores da comunidade, fará propostas de adquisición de fondos e equipamento e establecerá contactos e relacións con sectores sociais, culturais, educativos do entorno que queiran colaborar coa biblioteca escolar.

ACTUACIÓNS

Xestión técnica e organización

- Familiarizar ó equipo de biblioteca cos programas de xestión técnica, CDU e organización de préstamos.
- Estudar os fondos existente para facer un segundo expurgo que elimine documentos desfasados ou en mal estado.
- Reestudar e redistribuir os espazos segundo un plan no que debe terse en conta a necesidade de dotar á biblioteca de diferentes lugares de lectura e traballo.
- Sinalizar adecuadamente os espazos.

Despóis, ó longo do curso:

- Seguir catalogando os novos fondos segundo a CDU adaptada e cambiar os antigos, etiquetando todo segundo os mesmos criterios.
- Estudar as novas necesidades que xurdan, unha vez ordenados e clasificados os documentos e comprobadas as lagunas existentes nas diferentes materias.
- Establecer, dacordo cos Departamentos, as necesidades existentes nas aulas para crear bibliotecas de aula que axuden na práctica docente.

Préstamo

O préstamo de libros farase por 15 días, renovables se non hai demanda do título en empréstito ou existen varios exemplares. Incentivarase a reserva a través da web. Estableceremos tamén un incentivo para aqueles alumnos que máis utilicen o servizo de préstamo. Estableceremos

tamén os criterios a seguir en caso de incumplirse as normas de préstamo.

Dinamización

Formación de usuarios e educación para o acceso á información

No primeiro trimestre:

- Paseo a través da biblioteca: saber orientarse coa axuda dos paneis ou rótulos na busca das materias.
- Organizar actividades de formación para que os alumnos se familiaricen coa CDU (buscar un documento a partir da CDU, clasificar un libro utilizando unha táboa, etc.)

Ó longo do curso:

- Actividades no uso das fontes de información: traballar con distintos tipos de documentos (coberta, portada, anteportada, prólogo, consultas de CD-ROM e bases de datos, búsqueda rápida, distinguir obras de referencia de obras documentais, etc.
- Busca de información nun corpus documental: índices, sumarios, enciclopedias, dicionarios, atlas, etc.
- Actividades de formación na utilización das TIC: busca de títulos ou autores na páxina web da nosa biblioteca ou outras para familiarizarse co entorno gráfico das páxinas e poder utilizar todas as ferramentas dispoñibles.
- Actividades de formación nas técnicas para a navegación en internet, para a utilización de motores de busca como fonte de información: técnicas de busca, selección e almacenamento da información.
- Acceso e utilización de bases de datos documentais. Técnicas de terminais remotos (TELNET)

Fomento da lectura

No primeiro trimestre:

- Fundar un club de lectores para que os alumnos poidan ler en público os seus libros preferidos ou as súas propias obras.
- Convocar un concurso para a creación dunha mascota que represente á nosa biblioteca como fonte de información e lecer.
- Convocar un concurso de marcadores de lectura que empregaremos na nosa biblioteca.

Ó longo do curso:

- Un trimestre, un libro: selecciona unha obra que che teña producido un gran impacto e debuxa, comenta, fotografía ou resume esa obra.
- Son un come-libros: convocatoria dun concurso para os máis lectores.

- Actividades asociadas a celebracións (Días das Letras Galegas, Día do Libro, etc.): exposicións, concursos, edicións de materiais.

HORARIO PREVISTO

A biblioteca estará aberta durante os períodos lectivos, na medida do posible ó cargo dun profesor que forme parte do equipo de apoio. Establecerase o recreo como tempo preferente para o préstamo.

Quedaría por ver a posibilidade de abrir tamén durante as horas de tarde, o que debería ser abordado entre a dirección do centro e a ANPA para estudar os recursos e necesidades.

AVALIACIÓN

A análise dos resultados debe comprobar ata que punto foron desenvolvidas as iniciativas previstas no proxecto e se teñen contribuído á consecución dos obxectivos. Débese abordar o impacto que tiveron nos servizos da biblioteca e se cobren máis axeitadamente as necesidades dos usuarios. Esta avaliación será tida en conta para planificar o traballo do seguinte curso.

Para avaliar adecuadamente a consecución dos obxectivos do proxecto, podemos responder ó seguinte cuestionario:

- ¿O espazo da biblioteca é agora máis axeitado ás necesidades dos diferentes usuarios?
- ¿Están familiarizados os usuarios coa CDU e saben desenvolverse por sí mesmos para a busca de información?
- ¿Saben diferenciar e utilizar os diferentes documentos, obras documentais e obras de referencia?
- ¿Poden realizar unha busca documental utilizando as novas tecnoloxías?
- ¿Realizouse un expurgo dos fondos e detectáronse as novas necesidades nas diferentes materias?
- ¿Realizáronse as compras pertinentes para a actualización dos fondos documentais?
- ¿Están centralizados e catalogados os documentos existentes no IES?
- ¿Cál é o grao de implicación do conxunto dos docentes no proxecto da biblioteca? ¿Foi en aumento o uso dos recursos da mesma?
- ¿Cál foi o resultado das actividades de formación de usuarios e o aproveitamento das mesmas por parte do alumnado?
- ¿Cál foi o grao de utilización da biblioteca como ámbito de lectura e lecer (número de préstamos, presenza de lectores na biblioteca, participación no fomento de actividades de lectura, etc.?).